

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CD1COM001100	Servizos comerciais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3069	Técnicas básicas de merchandising	2024/2025	6	179	214

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	OLGA REBOREDO MIGUÉLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que acaden o título de Técnico en actividades Comerciais poderán exercer a súa actividade por conta allea en empresas de distribución comercial, tanto por xunto (centrais de compras, mercados centrais de abastos, cash and carry, etc.), como retallistas (tendas, supermercados, hipermercados e grandes superficies comerciais), en centros de distribución comercial e en departamentos comerciais e almacéns de empresas doutros sectores produtivos.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Auxiliar de dependente/a de comercio.

Auxiliar de animación do punto de venda.

Auxiliar de venda.

Auxiliar de promoción de vendas.

Empregado/a de reposición.

Operador/ora de cobramento ou caixeiro/a.

Operario/a de pedidos.

Operador/ora de carreta de recepción e expedición.

Contador/ora de recepción e expedición.

Operario/a de loxística.

Auxiliar de información.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Montaxe de elementos de animación do punto de venda e expositores.	Esta unidade serve de introdución á materia, presentando conceptos da distribución comercial, da animación do punto de venda, do consumidor e de políticas de comunicación, así como se resalta a importancia da aplicación de normas de seguridade.	62	30
2	Disposición de produtos no lineal.	Nesta segunda unidade estúdase a organización da superficie comercial, do surtido e o lineal.	34	15
3	Etiquetas e dispositivos de seguridade.	Esta terceira unidade profundiza na identificación, tipos e funcionamento das etiquetas e dispositivos de seguridade.	23	10
4	Iniciativa emprendedora na animación do punto de venda.	Esta unidade didáctica profundiza na capacidade emprendedora e iniciativa individual na animación do punto de venda.	46	20
5	Empaquetado e presentación comercial.	Esta última unidade aborda as diferentes técnicas de empaquetaxe de produtos, utilizando diferentes materias, buscando a innovación na presentación comercial e tendo sempre presentes as normas de seguridade no traballo.	49	25

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Montaxe de elementos de animación do punto de venda e expositores.	62

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta elementos de animación do punto de venda e expositores de produtos, e describe os criterios comerciais que é preciso utilizar	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a situación física dos sectores do punto de venda
CA1.2 Identifícanse as zonas frías e quentes do punto de venda
CA1.3 Descríbense os criterios comerciais de distribución dos produtos e da moblaxe no punto de venda
CA1.4 Diferenciáronse os tipos de moblaxe utilizados no punto de venda e os elementos promocionais utilizados habitualmente
CA1.5 Descríbense os pasos e os procesos de elaboración e montaxe
CA1.6 Montáronse expositores de produtos e góndolas con fins comerciais
CA1.7 Colocouse cartelaría e outros elementos de animación, seguindo criterios de merchandising e de imaxe
CA1.8 Seguironse as instrucións de fábrica relativas á montaxe e ao uso, así como as normas de seguridade e prevención de riscos laborais

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Concepto, técnicas e tipos de merchandising.</p> <p>Criterios de distribución da superficie de vendas.</p> <p>Fluxo de circulación da clientela: zona fría e zona quente.</p> <p>Situación dos sectores máis importantes.</p> <p>Tipos de moblaxe no punto de venda: góndolas, andeis murais, mesas, burros, etc.</p> <p>Escaparate: funcións e montaxe.</p> <p>Accesorios de escaparate: manequín, expositores, iluminación e seguridade.</p> <p>Carteis: funcións, tipos e procedementos de elaboración.</p> <p>Normas de seguridade e prevención de riscos laborais</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Disposición de produtos no lineal.	34

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dispón produtos en lineais e expositores seleccionando a técnica básica de merchandising apropiada ás características do produto	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os parámetros físicos e comerciais que determinan a colocación de produtos nos niveis, na posición e nas zonas do lineal

Criterios de avaliación
CA2.2 Describiuse o proceso de traslado dos produtos conducindo transpalés ou carretas de man, seguindo as normas de seguridade
CA2.3 Describiuse a clasificación da variedade por grupos, seccións, categorías, familias e referencias
CA2.4 Descríronse os efectos que producen nas persoas consumidoras os modos de colocación dos produtos no lineal
CA2.5 Identificouse o lugar e a disposición dos produtos a partir dun planograma, dunha foto ou dun gráfico do lineal e a etiqueta do produto
CA2.6 Realizouse inventario das unidades do punto de venda, detectando ocos ou roturas de existencias
CA2.7 Utilizáronse equipamentos de lectura de códigos de barras (lectores ópticos) para a identificación e o control dos produtos
CA2.8 Elaborouse a información relativa ao punto de venda utilizando aplicacións informáticas a nivel de usuario/a, procesador de texto e folia de cálculo
CA2.9 Colocáronse produtos en diferentes tipos de lineais e expositores, seguindo criterios de merchandising
CA2.10 Limpáronse e acondicionado lineais e andeis para a correcta colocación dos produtos
CA2.11 Aplicáronse as medidas específicas de manipulación e hixiene dos produtos

4.2.e) Contidos

Contidos
Lineal: concepto, función, niveis e zonas.
Familias de produtos.
Regras de implantación dos produtos.
Implantación horizontal, vertical, cruzada, malla, etc.
Normas para a correcta implantación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Etiquetas e dispositivos de seguridade.	23

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Coloca etiquetas e dispositivos de seguridade valorando a relevancia do sistema de codificación ?European Article Numbering Association? (EAN) no control do punto de venda	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse os tipos de dispositivos de seguridade que se utilizan no punto de venda
CA3.2 Describiuse o funcionamento de dispositivos de seguridade no punto de venda
CA3.3 Descríronse os procesos de asignación de códigos aos produtos
CA3.4 Interpretáronse etiquetas normalizadas, códigos EAN 13, etc
CA3.5 Verificouse a codificación de produtos, identificando as súas características, as súas propiedades e a súa localización
CA3.6 Utilizáronse aplicacións informáticas (procesador de textos e folia de cálculo) na elaboración de documentación para transmitir os erros de correspondencia detectados entre a información da etiqueta e o produto
CA3.7 Etiquetáronse produtos manualmente e utilizando ferramentas específicas de etiquetaxe e seguindo criterios de merchandising
CA3.8 Colocáronse dispositivos de seguridade utilizando os sistemas de protección pertinentes
CA3.9 Valorouse a relevancia da codificación dos produtos no control do punto de venda

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Tecnoloxía ao servizo do merchandising.</p> <p>Instrumentos para a protección contra o furto.</p> <p>Escáner.</p> <p>Codificación da variedade.</p> <p>Orixe da codificación comercial.</p> <p>Código de barras.</p> <p>Etiqueta: definición e funcións; requisitos informativos que debe cumprir.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Iniciativa emprendedora na animación do punto de venda.	46

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da animación do punto de venda	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e descríbense os requisitos e as actitudes necesarias para a animación do punto de venda
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na animación do punto de venda
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa animación do punto de venda

4.4.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na animación do punto de venda.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na animación do punto de venda.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa animación do punto de venda.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Empaquetado e presentación comercial.	49

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Empaqueta produtos tendo en conta a relación entre a técnica seleccionada e os criterios comerciais e de imaxe perseguidos	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse técnicas de empaquetaxe de produtos
CA5.2 Analízase a simboloxía de formas, cores e texturas na transmisión da imaxe da empresa
CA5.3 Identifícanse elementos e materiais que se utilizan na empaquetaxe e na presentación comercial de produtos
CA5.4 Seleccionáronse os materiais necesarios para a empaquetaxe en función da técnica establecida e da imaxe da empresa
CA5.5 Acondicionouse o produto para a súa empaquetaxe, colocando elementos protectores e retirando o prezo e os dispositivos de seguridade
CA5.6 Empaquetáronse produtos asegurando a súa consistencia e a súa presentación conforme criterios comerciais

Criterios de avaliación

CA5.7 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais relacionadas

CA5.8 Colocáronse motivos ornamentais de xeito atractivo

CA5.9 Retiráronse os restos do material utilizado para asegurar a orde e a limpeza do lugar de traballo

4.5.e) Contidos**Contidos**

Envoltorio e paquetaría.

Empaquetaxe: valor engadido ao produto.

Estilos e modalidades.

Materiais utilizados.

Normas de seguridade e prevención de riscos laborais.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliación deste módulo incluídos no currículo terán a consideración de mínimos exixibles.

Os criterios de avaliación recollerán os aspectos máis significativos da unidade de traballo, o que nos van permitir comprobar que o alumno/a ten adquirido as capacidades terminais mínimas.

As capacidades terminais globais do ciclo e os específicos de cada módulo, teñen que estar en congruencia nun mesmo e único camiño, lograr o perfil profesional definido no título.

A AVALIACIÓN

A avaliación establece as capacidades adquiridas polos alumnos/as, así como os métodos de traballo e os tipos de aprendizaxe que adquiren na aula, polo tanto, é unha parte esencial do proceso de ensino-aprendizaxe, na que participan tanto a profesora como os alumnos/as e que se estende ao longo dun amplo período de tempo.

A avaliación educativa ten dúas variantes:

- 1.- A avaliación dos alumnos/as.
- 2.- A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

PRIMEIRO: A AVALIACIÓN E A RECUPERACIÓN DOS ALUMNOS/AS

Utilizarase un sistema de AVALIACIÓN CONTINUA, posto que é o que nos permite facer un seguimento do proceso de aprendizaxe dos/as alumnos/as e adaptar a secuencia e a proposta de actividades ao seu ritmo.

Cada alumno/a será avaliado polo seu traballo diario, tanto individual como en grupo, valorándose tanto os coñecementos como capacidades, destrezas, xeitos e actitudes adquiridas.

Valoraranse:

- A comprensión e a asimilación dos coñecementos fundamentais.
- A participación no traballo, tanto individual como en grupo.
- A capacidade de iniciativa do alumno/a.
- A presentación dos traballos propostos.
- A cantidade e calidade das tarefas realizadas.
- Probas obxectivas que a profesora considere oportunas.

A AVALIACIÓN SUMATIVA, ten por obxecto valorar os resultados obtidos polo alumno/a ao final do proceso. Realízase a través de probas ou actividades plantexadas para tal fin, avaliándose o traballo de cada alumno/a independentemente do realizado polos demais.

Valoraranse:

- O traballo en equipo.
- A correcta resolución dos supostos prácticos propostos.
- Probas escritas individuais que a profesora considere oportunas.

Para medir o nivel de adquisición das capacidades polos alumnos/as, así como a cualificación a cada un deles/as, terase en conta:

- a) Observación do alumno/a na aula e seguimento do seu traballo diario: Valorarase a súa participación na clase, as súas intervencións e explicacións sobre os temas e exercicios propostos, á súa dedicación e interese nas actividades que se realicen e o comportamento. Se lle asignará un máximo do 15% da cualificación.
- b) O traballo en equipo: Terase en conta a organización do grupo, o nivel de coordinación e participación do alumno/a dentro do grupo, na resolución dos exercicios propostos. Suporá un máximo do 5% da cualificación.
- c) A presentación correcta dos traballos propostos: Valorarase o contido, a exposición, a calidade e a limpeza. Se lle asignará un máximo do 30% da cualificación.

- d) A ponderación dos exames na nota de avaliación será como mínimo do 50%.

Os alumnos para superar o módulo necesitarán obter unha nota mínima de cinco puntos.

Cando os resultados de algunha avaliación sexan negativos, se realizarán actividades de recuperación, que consistirán en:

- Realización de traballos e exercicios, sobre aqueles aspectos nos que se detectasen maiores deficiencias.
- Repetición de determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno/a non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.
- Realización dunha proba escrita, sobre aqueles contidos nos que se observase que o nivel de coñecemento do alumno/a é insuficiente.

SEGUNDO: A AVALIACIÓN DO PROCESO

Ten grande importancia xa que dos resultados da mesma pode derivarse a necesidade de plantexar modificacións no deseño, organización e distribución dos contidos e actividades.

Valoraranse aspectos tales como:

- a) O grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
- b) O nivel de adquisición das capacidades terminais do módulo por parte dos alumnos/as.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. As probas con cualificacións inferiores a 4 puntos deberán ser superadas nos períodos correspondentes para as actividades de recuperación que se establezan.
2. Se a nota da 1ª ou 2ª avaliación é inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas unicamente as probas de coñecemento ou de produtos e/ou desempeños que, individualmente, obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos.
3. As actividades de recuperación desenvolveranse nas datas establecidas para tal fin para cada proba non superada.

As probas de recuperación consistirán en:

-Probas de coñecementos: exame escrito con preguntas de resposta breve ou tipo test e casos prácticos dos RAs non acadados

ou

- Probas de produto e/ou desempeño: este será o instrumento de avaliación cando o/a estudante teña que recuperar tan só un dos considerados mínimos esixibles e consistirá na realización das tarefas do alumnado previstas nesta programación para ese C.A.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non existe perda de dereito a avaliación continua para os alumnos menores de 16 anos.

Si existe perda de dereito a avaliación continua no caso dos maiores de 16 anos:

1. O alumnado perde a avaliación continua cando ten un 10% de faltas de asistencia sen xustificar ou un 15% xustificadas como máximo.
2. Elaborarase unha proba combinada que permita cualificar os CA do módulo. Conterá instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por preguntas ou apartados. Consistirá nunha proba de coñecementos por escrito con dúas partes : un cuestionario tipo test ou con preguntas curtas e casos prácticos.
3. O alumnado non terá que examinarse das partes superadas antes da perda da avaliación continua. Ou sexa, estarán exentos de contestar aquelas partes da proba que conteña casos prácticos relacionados con esas partes superadas. Esta exención lle será comunicada individualmente ás persoas alumnas
4. O cuestionario conterá o número suficiente de preguntas para poder avaliar os CAs do módulo. Deberán estar ben contestadas o 50% das preguntas do cuestionario para ter unha avaliación positiva nesta parte.
5. A parte de casos prácticos consistirá nun número suficiente deles que permita avaliar os CAs do módulo que serán corrixidos con táboas de indicadores con catro niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%).
6. O cuestionario tipo test ponderará un 50% e os casos prácticos un 50% da cualificación final da proba. Cada parte será avaliada sobre 10 puntos e non se dará a proba por superada se en cada parte non se obtén como mínimo 5 puntos sobre 10.

A cualificación final será a media destas dúas probas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. Cada 15 días, farase o seguimento da programación na aplicación informática. Mensualmente se dará conta na reunión de departamento preceptiva deste seguimento.
2. A avaliación da práctica docente realizarase unha reflexión sobre as competencias de programación, actividades de aula, avaliación e formación tendo en conta os seguintes indicadores de cada competencia:
 - a. Programación:
 - i. Planificación do traballo docente.
 - ii. Programación de unidades didácticas.
 - iii. Programación de actividades e tarefas.
 - iv. Tratamento da atención á diversidade e da transversalidade.
 - b. Actividades de aula:

- i. Metodoloxía desenvolvida.
- ii. Motivación para a aprendizaxe.
- iii. Potenciación da autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.
- iv. Coordinación co resto do equipo docente.
- v. O clima na aula e resolución de conflitos.
- vi. Traballo en equipo.
- vii. Actividades desenvolvidas variadas facendo un papel docente-guía.
- viii. Utilización dos recursos do contexto para reforzar o proceso EA.
- ix. Atención á diversidade. x. Inclusión da transversalidade nas actividades

c. Avaliación:

- i. Instrumentos utilizados para facer a avaliación inicial e o seu rexistro.
- ii. Instrumentos utilizados para a avaliación continua e o seu rexistro.
- iii. Procedemento utilizado para a avaliación final.
- iv. Coavaliación e autoavaliación, se proceden.
- v. Desenvolvemento das actividades de recuperación.
- vi. Información proporcionada sobre a avaliación e a cualificación.

d. Formación:

- i. Formación desenvolvida formal.
- ii. Formación desenvolvida non formal.

3. Na memoria do fin de curso se recollerán propostas de modificacións para o curso seguinte, en función da autoavaliación anterior realizada.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolvela deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade (traballo de reflexión e investigación por escrito e defensa dos mesmos de xeito oral apoiados en produtos gráficos)

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas. Neste caso a preparación de material básico para repasar coñecementos matemáticos poderían reforzar a competencia.
3. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. Neste caso a utilización de software na elaboración de produtos de xeito responsable e tendo en conta licenzas e uso de datos persoais podería axudar a reforzar esta competencia.
4. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo. Ensinar a investigar e a ser crítico coas buscas de información poden reforzar esta competencia.
5. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica. O traballo en equipo ensinando pautas para facelo poden reforzar esta competencia.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda adecuadamente as actividades programadas aplicaráselle as seguintes medidas en función das súas necesidades:

- Recuperacións das partes non superadas antes do período de actividades de recuperación
- Tarefas de alumnado específicas de reforzo.
- Introducción de estratexias e ferramentas que reforcen as competencias clave, nas actividades deseñadas.
- Deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.
- Coordinación co equipo docente para tratar o reforzo en competencias clave.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta o anterior no ámbito da familia profesional de Comercio e Marketing, trataranse as seguintes temáticas, de xeito transversal, tanto nas tarefas do profesorado como do alumnado:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.

7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sustentabilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
- 10.Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
- 11.Deontoloxía profesional. 12.Identidade dixital: netetiqueta.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ESCENARIO NORMAL:

Visita a un supermercado, mercado ou similar, onde se analizaran os elementos de animación do punto de venda e expositores de produtos, e a disposición dos lineáis e expositores seleccionando as Técnicas Básicas de Merchandising.

Charlas sobre consumo responsable

Taller de escaparatismo monotorizado cun profesional do sector.

ESCENARIO DE SEMIPRESENCIALIDADE E/OU DISTANCIA:

Ningunha.

10. Outros apartados

10.1) ESCENARIO COMBINADO PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL

1. Este módulo conta cunha aula virtual na plataforma Moodle do IES A Guía, na categoría de SERVIZOS COMERCIAIS. O alumnado, unha vez que teña un usuario na plataforma, poderá automatricularse mediante unha chave de automatriculación que lle será dada nas presentacións ou primeiros días de curso.

2. O curso deste módulo na aula virtual está organizado por UD que se irán abrindo conforme se vaia avanzando nos contidos do módulo e contarán como mínimo con ligazóns, ficheiros e tarefas por cada UD, en coherencia coa programación debidamente separadas por etiquetas. As tarefas serán deseñadas de xeito que quede claro o modo de presentación, o fondo e forma da tarefa, os prazos de entrega e se vai ser cualificada os criterios de cualificación e o seu valor en coherencia coa programación. Cada UD contará cun foro de dúbidas.

3. A opción de semipresencialidade queda organizada.

No caso de que algunha persoa alumna teña que gardar cuarentena por Covid19, farase seguimento das tarefas e actividades programadas nas UD a través do foro de dúbidas e mediante mensaxería instantánea que se vai organizar para este módulo.

4. Nas primeiras semanas de clase presencial se incidirá no uso da aula virtual, nas pautas a seguir nas titorías a distancia, no uso dos sistemas de videoconferencia e na resolución de problemas técnicos que poida ter o alumnado. Tamén se establecerán grupos para as tarefas de grupo e se entrenará ao alumnado no uso de ferramentas dixitais para o desenvolvemento desas tarefas grupais.

5. Se organiza un grupo de contactos do alumnado do módulo que constará de teléfono móbil e correo electrónico como mínimo. Comprobarase que os datos aportados polo alumnado na matrícula a través de XADE están actualizados.

6. A incorporación do alumnado ao grupos de mensaxería, farase mediante envío de ligazóns dos grupos aos contactos da matrícula ou proporcionado polo propio alumnado para que se inclúan eles voluntariamente (correo electrónico da axenda do punto anterior)

10.2) ESCENARIO A DISTANCIA

Se as circunstancias sanitarias obligasen a pasar a un sistema completamente a DISTANCIA, seguiranse as directrices de SEMIPRESENCIAL do apartado anterior, engadindo as seguintes:

1. A metade do horario do módulo, por exceso programárase polo sistema de videoconferencia preferentemente polas plataformas proporcionadas pola consellería de educación.

2. O resto do horario se organizará con tarefas e actividades propostas ao alumnado distintas das configuradas na programación para explicacións teóricas da persoa docente. Estas actividades poderán ser

seguidas por outros sistemas diferentes á videoconferencia tendo en conta que a aula virtual conta con foro de dúbidas en cada UD e se vai organizar un grupo de mensaxería instantánea como sistema síncrono de comunicación.